



Monterroso

Arte, paisaxe e natureza



A través desta publicación presentamos un territorio por descubrir, unha viaxe a través das parroquias de Monterroso amosando o seu patrimonio, a súa historia, a súa paisaxe e as súas xentes. Catro itinerarios para facer unha escapada e sentir, desconectar e disfrutar. Alternativas para o tempo de lecer que farán as delicias de quen aquí se achegue.



Monterroso pertence á Comarca da Ulloa xunto cos municipios de Palas de Rei e Antas de Ulla. Conta cunha extensión de 114,6 km² repartidos en 29 parroquias. Limita cos concellos de Palas de Rei, Guntín, Portomarín, Taboada e Antas de Ulla. Está ben comunicado a través dunha importante rede de estradas como a N-640 cara Lugo e Lalín ou a LU-221 cara Palas de Rei e Taboada, así como unha importante rede de estradas secundarias. O seu relevo é pouco accidentado, relativamente chan e con poucas elevacións, destacando os Montes da Vacaloura, San Cristovo, Marzán, Cumbraos e Vilanova. Está atravesado polo río Ulla de sudeste a noreste formando fronteira natural con Antas de Ulla, principal curso fluvial da comarca que lle confire a súa identidade como territorio. Monterroso tamén está regado por multitude de regatos como o Parteme, Lavandelo, Sirgal, Sucastro, Lourentín, Salgueiral, Rial, As Pozas así como os regos do Rao e Vao. No seu escudo están representados tres aspectos significativos do pasado histórico do municipio, a cultura castrexa, as importantes casas e torres señoriais e a súa identificación histórica coa linaxe dos Ulloa .



O nome de Monterroso crese que provén das características do relevo e da cor da terra ou a cor rosácea das uzes e carrascas dos seus montes. Foi un importante territorio, do que dá fe a gran cantidade de pazos e casas señoriais existentes en todo o municipio como o Pazo de Laxe, Pazo de Seixós, Pazo de Mouronte ou a Casa Grande de Novelúa. Posúe un importante legado arquitectónico con numerosas igrexas románicas dos S. XII e XIII que fan referencia a transmisión artística coa influencia do Camiño de Santiago que dende Ventas de Narón diríxese por Ligonde a Palas de Rei. Pero a riqueza do territorio tamén está representada polo seu patrimonio etnográfico cos seus cruceiros, alpendres, muíños, pombais, fontes, lavadoiros, hórreos e moitos outros exemplos de arquitectura popular





Conserva todo o seu carácter rural que lle dá ese sello propio, e que se pode admirar percorrendo todos os seus recantos. A poboación dedícase principalmente a actividades gandeiras, agrícolas e servizos, pero a súa escasa industria derívase sobre todo das necesidades destas actividades e concéntrase a maior parte no polígono industrial. Cabe mencionar a feira de Monterroso que se celebra cada primeiro de mes, tendo o seu máximo expoñente na **Feira de Santos**, importante cita anual de referencia para moitos galegos e galegas, e que marcou fondamente a historia do municipio. Monterroso é actualmente unha vila moi dinámica e activa que mantén poboación e ofrece amplas opcións para o visitante, como cultura, arte, natureza, espazos de lecer como a **Área Recreativa da Peneda e Caracacho**, rutas de sendeirismo, e sobre todo a tranquilidade e a amabilidade da súa xente.





Esporiz - Bidouredo - Pedraza - Cumbraos - Fufín - Tarrío - Lodoso - Vilanova.

Monterroso pertence á parroquia de Esporiz e no núcleo urbano é onde se concentran todos os servizos. Na vila podemos destacar as zonas do campo da feira onde se celebra o día 1 de cada mes, sendo a máis destacada a Feira de Santos. No campo da feira destaca o edificio multiusos coñecido como a Cúpula que serve, entre outras cousas, para albergar os postos de alimentación o día do mercado. Conta coa actual igrexa, de nova construción que hoxe en día exerce como a parroquial da vila. Na Avenida da Praia atópase A **Área Recreativa da Peneda**, a carón do río Ulla, un formidable espazo de lecer con zona de esparcemento, piscina municipal, camping e merendeiro nunha contorna coidada e moi frecuentada nos meses estivais.





A igrexa de **Santa María de Esporiz** sitúase no centro da aldea, románica do S.XII, conserva a súa magnífica portada principal con arquivoltas e capiteis ornamentados con motivos vexetais e animais. A aldea e os seus arredores conserva a arquitectura tradicional con moitos elementos etnográficos reseñables. Preto de Esporiz ubícase **A Cariza**, un pequeno lugar, atravesado por unha das rutas de sendeirismo coñecida como *Entre soutos e carballeiras*, onde atopamos un peculiar lavadouro e fonte.



igreja Santa María Esporiz

A pequena aldea de **Bidouredo** conta con varias construcións onde se conservan os típicos esgrafiados, debuxos feitos con cal revestindo as paredes exteriores, moi tradicionais na zona. Nas proximidades da igrexa consérvase un fermoso lavadouro. Sobre un antigo castro atópase outra xoia do románico, a igrexa de Santiago de Bidouredo, destaca a súa portada con lintel axadrezado e arquivoltas con arco de medio punto sobre mochetas, e salientar tamén os capiteis profusamente decorados. Á beira da igrexa un sinxelo cruceiro danos a benvida.



A parroquia de **Pedraza** está regada polo río Ulla que fai límite con Antas, ofrecendo unhas paraxes naturais que invitan ao paseo. Conta con varias entidades de poboación entre as que se atopan San Cristovo, Vilarfonxe, Gundín, San Lourenzo e Pedraza. Unha das igrexas máis antigas da diocese de Lugo é San Lourenzo de Pedraza, coñecida como a **Capela de San Lourenzo**, destaca pola saeteira situada na ábsida e os seus formidables canzorros con múltiples formas, onde predominan as figuras humanas e zoomorfas. Na mesma parroquia de Pedraza e moi próxima a San Lourenzo atopamos A Igrexa de Santa María, unidas as dúas por unha ruta de sendeirismo coñecida como *Ruta do románico na natureza*, que nos ofrece uns fermosos paseos entre bosques autóctonos por vellos camiños con moita historia. A igrexa parroquial de Pedraza conserva pouco do seu pasado románico, pero sigue mantendo a súa beleza, dentro do adro atópase un baldaquino moderno cun cruceiro de madeira con símbolos da paixón.



Igrexa de Santa María de Pedraza



Capela de San Lourenzo





Casa Torre e igrexa San Martiño

En **Cumbras** atopamos un dos conxuntos arquitectónicos máis salientables formado pola igrexa románica de San Martiño e os restos da **Casa Torre de Cumbras**, hoxe en estado de abandono pero conservando a grandeza de antano. A Torre conserva un impresionante escudo de armas da familia Noguerol, Gayoso e Arias Noguerol, anexionado a torre atópase os restos do pazo. Da igrexa destacamos a súa portada con arquivoltas e os fermosos canzorros nos laterais do templo. A parroquia conta con 3 entidades de poboación, Cumbras de Abaixo, Casas de Núñez e Casas do Monte.



Fufín, constitúe unha das parroquias de menor tamaño formada só por unha aldea onde se sitúa a súa igrexa parroquial, San Martiño de Fufín, moi sinxela na súa factura e só conserva da súa orixe románica a porta de entrada cunha fermosa arquivolta. Na entrada da igrexa obsérvase unha peculiar gradicela no chan realizada en pedra, que servían para impedir o paso dos animais ao adro da igrexa. Na entrada da igrexa sitúase un sinxelo cruceiro. No cemiterio parroquial sorprende unha lápida onde está soterrado Lorenzo Varela, poeta e ilustre persoeiro que ten as súas raíces en Monterroso.



Sarcófagos antropomorfos de Vilanova



Igrexa de Fufín

Vilanova conta cunha única entidade de poboación, con casas agrupadas en torno a varias rúas. A súa igrexa está apartada do núcleo de poboación asentada nun alto e rodeada de carballeiras. Xunto a igrexa atopamos varios sarcófagos antropomorfos cavados na rocha que sorprenden pola súa singularidade. A igrexa situada na parte baixa dun pequeno montículo no que se pensa que albergou un castro ten un aspecto sinxelo, pero destacan os seus interesantes canzorros con figuras humanas. Preto do adro sitúase un cruceiro.

Tarrío está situado no límite co municipio de Palas, presenta unha altitude máxima de 670 metros no Alto das Cabanas, o núcleo máis grande e con máis poboación é **Tarrío de Buxergos**, unha aldea onde se conserva a arquitectura tradicional e a súa fisonomía responde á típica aldea onde a agricultura e a gandeiría son as protagonistas cun ambiente eminentemente rural. A igrexa está ubicada nun lugar solitario cobrando gran protagonismo no lugar, o primeiro que chama a atención é o fermoso e sinxelo Vía Crucis que conserva todas as estacións situadas no muro que rodea o adro da igrexa. O templo de orixe románico conserva unha formidable porta de entrada con dúas arquivoltas e bela decoración, centrada principalmente nos capiteis con motivos vexetais.



Lodoso tamén é salientable pola súa igrexa, San Xoán de Lodoso, de estilo románico, presenta unha portada sinxela cun óculo circular entre esta e a espadana, na cabeceira unha pequena fiestra decorada con arco de medio punto e ornamentado con peculiares formas axadrezadas, pero o que chama a atención é un canzorro que representa a figura dun coello, pouco común na igrexas románicas. A parroquia conta con 9 entidades de poboación e caracterízase pola mestura de paisaxes agrícolas con grandes carballeiras e soutos moi ben conservados, estando regado polo Rego da Barxa e o Rego do Rao.





Lavandelo - Leborei - Novelúa - Ligonde - Salgueiros - Marzán.

Na parroquia de **Lavandelo** merece a pena adentrarse na aldea de **Arxona**, única entidade de poboación da parroquia, e admirar a súa fermosa arquitectura rural e o conxunto das súas construcións, atopamos interesantes exemplos de elementos etnográficos como o lavadoiro e a fonte. Na aldea atópanse varias casas grandes onde destacan as súas formidables chemineas e portalóns, así como un hórreo con corredor moi peculiar. A ruta de sendeirismo coñecida como *Ruta dos soutos e as carballeiras* pasa polo centro de **Arxona** e atravesa o trazado dun antigo Camiño Real. Saíndo de Arxona camiño de **Novelúa** atopamos a súa sinxela igrexa despois de pasar o Rego de Lavandelo, de pequenas dimensións de nave rectangular e rodeada por un valado; uns metros máis abaixo da igrexa hai un cruceiro de factura moderna que substitúe a outro do S. XII xa desaparecido.



Camiño Real ao seu paso por Arxona



Leborei é outra das parroquias cun marcado carácter rural, a aldea conserva moitas construcións tradicionais. Nun fermoso recanto atópase a igrexa de **Santa María de Leborei**, un edificio románico con importantes reformas. No muro que a rodea hai un antigo sarcófago antropomorfo aproveitado para pechar o recinto a xeito de sillar. Fronte a igrexa sitúase unha curiosa fonte coñecida como Fonte de Santa María cunhas augas as que se lle atribúen propiedades milagreiras. Na parroquia sitúase o lugar coñecido como Ponte dos Carros, onde predominan as construcións de pedra tradicionais, e preto do lugar atravesa o Rego do Vao.



En **San Cristovo de Novelúa**, atópase unha fermosa igrexa considerada unha das xoias do románico rural galego, situada nun castro, trátase dunha igrexa fortaleza dos S. XII e XIII que sufriu reformas posteriores. Conserva íntegra a construción románica, digna de visitar e observar con atención así como a súa contorna, da igrexa destaca a portada románica que se atopa baixo unha cuberta onde se descubre o tímpano con interesantes detalles e os ricos capiteis profusamente decorados, na parte posterior sorprende a ábsida circular, e tamén son salientables no interior as súas pinturas murais de varias épocas. Na contorna da igrexa destaca a aldea, as súas construcións e o resto dos castros que están cerca da igrexa.





Na parroquia atopamos o lugar do **Batán**, un lugar peculiar atravesado polo **Rego do Vao**. A carón deste rego atopamos un espazo bucólico que invita ao descanso e ao relax, que foi ideado por un veciño do lugar colocando elementos como bancos e outros detalles, polo que si o visitamos debemos ter en conta que é unha propiedade privada respetando e coidando a contorna. Na parroquia se sitúan varias casas grandes ou pazos como o de Mouronte, Casa Grande de Novelúa e as ruínas do Pazo da Laxe. **Mouronte** pertence a **Milleirós**, sendo antigamente unha das parroquias de Monterroso que hoxe foi anexionada a Novelúa. Outras entidades de poboación da parroquia que ofrecen un fermoso paisaxe son **Lama Retorta**, **Casas de Gai**, **Tarrío**, **Areosa** ou o **Castro**.

Ligonde é unha das parroquias máis extensas de Monterroso e a única atravesada polo Camiño Francés a Santiago, percorrendo a parroquia polos lugares de **A Prebisa**, **Lameiros**, **Ligonde** e **A Eirexe** entrando despois no concello de Palas de Rei. A igrexa de Santiago de Airexe está situada a carón do camiño no final da aldea, conserva do primitivo románico o arco trunfal, ten nos seus muros marcas de canteiros e un curioso relevo nun lateral que representa a ascensión dunha alma custodiada por un grifón e un león, e nas inmediacións da igrexa atópase un sinxelo cruceiro que remata o conxunto monumental.



En **Ligonde** atópase o singular **Cruceiro dos Lameiros**, considerado un dos máis fermosos do Camiño de Santiago, obra de 1674 con figuras esculpidas na súa base que representan os elementos da paixón como o martelo, cravos e espiñas, e na cruz as imaxes da Dolorosa e Cristo crucificado. Nas proximidades do camiño atopamos a Capela de San Marcos, que pertence á casa grande que ten ao seu carón, é de factura sinxela resaltando o impresionante escudo de armas na súa fachada. Ligonde conta con variados servizos destinados aos peregrinos como albergues, tanto públicos como privados e varios establecementos de restauración.





Salgueiros é outra das parroquias de menor tamaño do municipio e conta con catro lugares, **Airexe, Aldea de Abaixo, O Brixeo e Pacios**. É unha das parroquias máis alonxadas que xa limitan con Portomarín. Aldea de Abaixo e O Brixeo conservan todo o seu encanto rural e boa parte da súa arquitectura tradicional, estando rodeada de hortas, zonas agrícolas e fincas cercadas por valos de pedra tan peculiares nesta zona. No lugar da Airexe atópase a igrexa parroquial de Santa María, edificio que ten orixe románica e foi remodelado no S. XVIII. A súa porta principal presenta un sinxelo arco de medio punto, no interior ten un interesante altar barroco. Está rodeada polo cemiterio parroquial formando un adro de pequenas dimensións.



Marzán, é a última das parroquias de Monterroso situada máis ao norte do municipio, limita con Palas de Rei e Guntín, conta con 9 lugares entre os que destacan Montecalvo con altitudes de máis de 600 metros, Marzán e As Tragarizas. Está atravesada polo Río de Irixe e o Rego de Marzán, formando fermosos espazos naturais. Dada a súa proximidade coa Comarca de Lugo percíbese certa influencia na súa arquitectura como amosan as construcións con laxes de lousa. A igrexa de Santa María de Marzán é un pequeno edificio con certos rasgos barrocos que chama a atención pola súa sinxeleza, estivo abandonada ata os anos sesenta e foi restaurada nos noventa polos veciños , hoxe en día presenta moi bo estado de conservación, e destaca a súa ubicación nunha zona alta dominando unha paraxe espectacular.





Satrexas - Arada - Sirgal - San Breixo - Pol - San Miguel de Penas.

Satrexas está pegada ao núcleo urbano de Monterroso, á que pertence a **Área Recreativa de Caracacho**, un lugar con varios espazos para o lecer como zona de souto e carballeira, parque infantil e zona axardinada. En Caracacho sorprende unha gran peneda cunha cruz enriba. A carón das primeiras casas atópase un cruceiro de nova construción, así como unha réplica dun miliario atopado no lugar fai anos. Dende Caracacho se poden iniciar varias rutas de sendeirismo moi recomendables, a *Ruta dos soutos e as carballeiras* e a *ruta Do vello ao novo Monterroso*. A igrexa de Santa Eufemia de Satrexas é sinxela e conta con planta rectangular con sancristía adosada e o cemiterio ao seu carón. Fronte a igrexa sitúase un sinxelo cruceiro. Continuando o camiño da Ruta chamada *Dos soutos e as carballeiras* un pouco máis adiante atopamos a Fonte de Santa Eufemia sobre a que hai unha curiosa lenda.



A igrexa parroquial de [Arada](#) é de estilo barroco moi sinxelo, presenta portada alintelada con pilastras estriadas e ornamentación con forma de bolas. Nun lateral obsérvase un peculiar reloxo de sol. Destacan no interior un retablo neoclásico na capela maior e dous barrocos nos laterais. Fronte a igrexa, na outra beira da estrada, atópase un tradicional cruceiro. A esta parroquia pertence o lugar de Sandolfe, unha aldea con encanto que invita a percorrer e disfrutar dos seus recunchos. Arada tamén está atravesada por algúns tramos do antigo Camiño Real usado na antigüidade polos veciños para achegarse á Vila de Monterroso.





Sirgal é unha parroquia limítrofe co núcleo urbano de Monterroso, componse de dous lugares, Parteme de Arriba e Sirgal. A igrexa de Santo André de Sirgal é de estilo neoclásico, ten un característico retablo na capela maior. Fronte a igrexa sitúase un cruceiro de base piramidal rebaixada na cima, asentado sobre tres chanzos, cunha mesíña a modo de altar pegada á base, de fuste hexagonal con cruz floreada que asenta sobre un capitel cadrado. Podemos facer tamén un percorrido pola aldea e achegarnos ao curso do Rego de Sirgal e observar a ben conservada arquitectura tradicional na zona.



Pol está formada polos lugares de [A Camba](#) e [O Vilar](#), ámbolos dous situados ao pé da estrada N-640, e o lugar de Pol cun carácter máis rural e un pouco máis apartado. A igrexa parroquial de San Cibrao está situada nas cercanías da aldea de Pol, de orixe románica aínda que non conserva moito da súa traza orixinal salvo unha porta lateral. A pouca distancia está o cruceiro e a 200 metros dirección oeste atópase un sarcófago antropomorfo escavado na pedra cun rebaixe na zona da cabeza que non chega ao fondo senón que fai como unha almofada. A poucos metros da igrexa, atopamos outros sarcófagos que, segundo a lenda din ser da tumba de San Cibrao. A carón de Pol observamos unhas formacións rochosas moi peculiares coñecidas como [Penas de Pol](#), pódese subir dende a Aldea ou dende o monte coñecido como [A Vacaloura](#), trátase dunha espectacular paraxe moi apta para o sendeirismo, dende onde se divisan unhas fermosas vistas.



[San Miguel de Penas](#) está formada por sete entidades de poboación sendo a máis singular San Miguel de Penas, onde se atopa a igrexa parroquial. O núcleo principal está constituído por un interesante conxunto arquitectónico formado pola igrexa, varios pazos como o chamado Casa do Campo, e unha antiga Torre medieval. O [Pazo-torre](#) é un edificio do S. XVI, con reformas do XVII e XVIII, conta con escudos de armas dos Taboada e Ribadeneira. Este Pazo está adosado a Torre de planta cadrada que foi construída tamén no século XVI con pedra traída do xa desaparecido Castelo de Sirgal. Este conxunto foi fonte de inspiración de varias obras literarias entre as que destaca Los Pazos de Ulloa de Emilia Pardo Bazán. A [igrexa de San Miguel de Penas](#) está unida por un corredor coa torre, é un edificio románico do século XII que conserva da súa traza orixinal a porta de entrada, con arco de medio punto e dúas arquivoltas sostidas con columnas e capiteis profusamente decorados, no tímpano obsérvase unha inscrición en forma de cruz. Preto da igrexa sitúase o Pazo de Ludeiro, unha fermosa construción que pertenceu a diversas familias nobiliarias e actualmente está dedicada a turismo rural e hostalería.








Frameán - Fente - Valboa - Os Ferreiros - Viloíde - O Bispo - Sucastro.

Frameán está conformado polos lugares de San Pedro e Parteme de Abaixo, no lugar de San Pedro é donde se atopa a igrexa parroquial, xusto no centro da aldea e nunha contorna rural con numerosas construcións tradicionais de pedra, conservando a tipoloxía propia da zona. A **igrexa de San Pedro de Frameán** é de orixe románica de finais do S. XII, conserva moitos detalles orixinais como canzorros con formas xeométricas e zoomorfas, curiosas saeteiras, e a planta orixinal. Nas inmediacións da igrexa hai un sinxelo cruceiro e unha cruz chantada sobre unha pena que chaman a atención pola súa orixinalidade. Saíndo de Frameán cara Fente, á beira do Rego de Sucastro sitúase un peculiar muíño ben conservado na súa estrutura, aínda que está hoxe en día en desuso, pódese admirar toda a súa esencia que lembra a outros tempos, e chama moito a atención a longa canle que levaba a auga atravesando os prados colindantes.



San Martiño de Fente limita con Antas, a parroquia está atravesada polo Río Ulla no seu curso alto, ofrecendo fermosas paisaxes. Está conformada por 5 lugares, e algúns deles ofrecen un patrimonio singular. A **Igrexa de San Martiño de Fente** está situada nun lugar apartado, aínda que sufriu varias modificacións conserva vestixios da súa orixinal traza románica con canzorros nos laterais moi peculiares, a porta con arquivolta e decoración axadrezada e un tímpano moi orixinal con varias inscricións onde resalta unha cruz. No cemiterio obsérvanse algúns sepulcros con moita antigüidade. Saíndo da igrexa atópase un curioso **cruceiro do S. XVII** que conta con mesa a modo de altar e carece de base, está decorado con figuras nas catro caras do capitel representando a paixón. Na contorna da igrexa, nunha carballeira próxima, documéntase un antigo castelo medieval, coñecido como **Torre de Fente**, aínda que actualmente o lugar está cheo de maleza e non se poida apreciar os restos. Na aldea de Fente atopamos un núcleo moi ben conservado con casas de pedra, entre as que destaca pola súa señorial arquitectura a **Casa Grande de Fente**, con fermoso balcón e inscricións na súa fachada. Baixando cara o río Ulla sitúase un muíño de grandes dimensións con aspecto de vivenda, que nos seus tempos de actividade foi un dos motores económicos da zona.





O lugar da **Graña** é outro fermoso recanto da parroquia, caracterízase pola súa autenticidade e unha contorna rural con moita esencia, onde se combinan as pequenas construcións rurais con outras máis grandes como unha coñecida como Casa Grande, conta cunha pequena capela dedicada a Santa Minia cun curioso campanario. O río Ulla que dende Fente discorre pola Graña serviu tamén de impulso económico, proba delo é o **Muíño da Graña**, que aínda que deixou de moer fai uns anos sigue sendo un referente da parroquia.



San Salvador de Valboa, tamén limítrofe con Antas de Ulla, é unha parroquia moi extensa que conta con nove entidades de poboación. O núcleo principal é Vilance. Por Valboa transcorre o río Ulla, e preto del, sitúase nun idílico e apartado lugar, a igrexa parroquial de San Salvador, un edificio románico do S. XII con algunha remodelación posterior, a porta conserva un sinxelo arco de medio punto con columnas acodilladas e unhas fermosas mochetas con forma de cabeza de touro, destaca a dobre altura da nave propia do románico rural, e os detalles da fiestra do testeiro cunha fermosa decoración. No exterior hai un cruceiro con dous escalóns e capitel troncocónico invertido e cruz latina lisa. Todos os lugares desta parroquia teñen un encanto especial e nalgúnhas casas aínda se conservan os antigos e peculiares esgrafiados nos seus muros.



San Cibrao dos Ferreiros, parroquia da que forman parte os lugares de Os Ferreiros, Sendín e Traslama dos Ferreiros, situada ao sur do municipio facendo límite con Antas e tamén atravesada pola conca do río Ulla. A súa paisaxe caracterízase por ter grandes áreas agrícolas con pastos e zonas de cultivo. A igrexa de San Cibrao está situada nunha zona apartada rodeada de zonas de pastos dedicados á gandeiría, chama a atención a soidade da igrexa nun terreo totalmente chan e verde, ten orixe románica aínda que hoxe en día presenta moitas remodelacións, conserva no exterior varios canzorros e a fiestra da cabeceira con dúas arquivoltas sostidas por columnas con capiteis moi estilizados.



San Cristobal de Viloíde constitúe a parroquia máis ao sur limitando co municipio de Taboada, está cruzada polo río Ulla no seu curso alto, preto do seu nacemento, con importantes bosques de ribeira. Formado polos lugares de **Ansar, Curuxás e Viloíde** situados a distancia uns dos outros. Caracterízase por unha contorna rural con amplas zonas forestais de soutos e carballeiras, moitos deles centenarios e de gran tamaño. As aldeas manteñen unha fisonomía tradicional con construcións de pedra. A igrexa atópase cerca do Río Ulla un pouco alonxada da aldea de Viloíde, é un edificio románico do século XII con algunhas reformas, situada nunha paraxe fermosísima. O templo conserva algúns canzorros de diferentes formas que sustentan a cornixa ornamentada, no exterior atopamos unha pía bautismal de aspecto rústico. En Curuxás podemos atopar a carón do río un pequeno muíño que foi restaurado fai uns anos .





Santa María de Bispo, unha pequena parroquia con moito encanto da que forman parte os lugares de **A Aldea de Atrás**, **O Bispo**, **As Casas de Chao**. No núcleo de O Bispo é onde está a igrexa parroquial de Santa María, rodeada dun muro de cantería que delimita o pequeno adro, esta igrexa pertence ao románico dos S. XII e XIV con algúns elementos barrocos, reformada durante o S. XIX. Na contorna da igrexa e nun lugar destacado da aldea sitúase un cruceiro. Ao igual que outras parroquias cercanas O Bispo tamén se caracteriza por ser un importante lugar de produción agrícola e gandeira, o que lle imprime ese carácter tradicional.





Santa María de Sucastro, formado polos lugares de Sucastro e Goimil, dúas entidades de poboación ben diferenciadas e moi características. A zona está atravesada polo Rego de Sucastro. No emprazamento da actual igrexa está documentado un antigo castro, coñecido como **Castro de Santa Mariña**, que aínda que non conserva ningún vestixio orixinal pódese observar perfectamente a croa, así como o foxo e os paramentos defensivos. A **igreja de Santa Mariña**, é de estilo románico do S. XII, aínda que sufríu reformas posteriores. A ábsida e a nave son rectangulares, conservando a súa estrutura orixinal coa excepción da fachada principal, pero mantén as columnas que sostíñan o arco primitivo con curiosos capiteis con formas zoomorfas. Conserva dúas fiestras saeteiras a ámbalas beiras e canzoros singulares.

Goimil é un exemplo de aldea ben conservada, cunha rúa que percorre todo o lugar onde se observan multitude de pequenos detalles que o fan único, pozos, lavadouis, cruceiros, airas de pedra, hórreos e fontes, así como casas con esgrafiados que fan do núcleo unha visita imprescindible.





Concello de Monterroso
Praza de Galicia, S/N, 27560
Monterroso, Lugo
(+34) 982 377 001
www.monterroso.es

